



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

### ANUNCIO

Segundo comunicación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDADE S.A. en cumprimento da Lei 12/2012 de montes de Galicia, e conforme ao indicado na súa disposición final primeira, pola que se modifica a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, vai proceder a realizar as operacións de xestión de biomasa neste Concello.

Nas liñas de distribución de enerxía eléctrica deberá xestionarse a biomasa nunha franxa de 5 metros desde a proxección dos condutores eléctricos máis externos, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa sectorial vixente. Ademais, na devandita franxa non poderá haber árbores das especies indicadas na disposición transitoria terceira da Lei 3/2007.

Publícase plano correspondente ao trazado das liñas onde se van a realizar as labores de xestión de biomasa a efectos de que os propietarios dos terreos, se é do seu interese, poidan executala previamente.

Se transcorridos 15 días desde esta publicación o propietario do terreo non efectuou os labores de xestión de biomasa indicadas, UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDADE S.A. procederá á súa realización.

Monfero na data dá sinatura dixital deste documento.

O Alcalde en funcións,

Alberto Cortizas Rejo